

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE DISTRIBUIDORAS DE HOSTALARÍA E ALIMENTACIÓN DE LUGO PARA O APOIO Á CELEBRACIÓN DA IV FEIRA GASTRONÓMICA L DE LUGO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo para o apoio á organización da infraestrutura para a celebración da IV Feira Gastronómica L de Lugo, que terá lugar os días 27 e 28 de outubro de 2024 no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- A Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo pretende levar a cabo a 4ª edición da Feira Gastronómica L de Lugo. A iniciativa preséntase como un evento de referencia no panorama gastronómico do noroeste peninsular. As edicións pasadas foron un rotundo éxito, congregando a miles de asistentes e consolidándose como unha cita ineludible para profesionais e amantes da boa mesa.

O éxito das anteriores edicións débese, en gran medida, á participación de prestixiosos cociñeiros e produtores locais, así como á ampla oferta de actividades que inclúen maridaxes, showcookings, degustacións de viños e tendencias en coctelería e café. A feira converteuse nun escaparate da excelencia gastronómica de Galicia, destacando a calidade dos produtos autóctonos e fomentando a interrelación entre produtores, hostaleiros e consumidores.

Terceiro.- Cada ano, a feira atrae a un maior número de expositores e visitantes, demostrando o crecente interese polo evento e a súa relevancia no sector.

O evento xera un importante impacto económico en Lugo, promovendo o turismo e o comercio local. As empresas hostaleiras, comerciais e culturais benefíciense do aumento de visitantes.

Oferta diversificada e innovadora, xa que a feira aposta por novas experiencias, combinando tradición e innovación. Isto non só mantén o interese dos visitantes habituais, senón que tamén atrae a novos públicos.

Grazas ás facilidades de acceso, incluíndo buses de transporte gratuítos desde o centro da cidade, e a localización estratéxica do Pazo de Feiras, a feira resulta accesible para todos os públicos.

Cuarto.- A IV Feira L de Lugo ten varios obxectivos, aliñados coa súa misión de consolidarse como un evento de referencia na gastronomía e o turismo do noroeste de España. Estes obxectivos son os seguintes:

Promoción da Gastronomía de Calidade

Fomento de Oportunidades de Negocio



Impulso ao Turismo de Calidade

Dinamización da Economía Local

Educación e Cultura Gastronómica

A IV Feira L de Lugo está destinada a continuar coa súa traxectoria de éxito, afianzándose como un evento imprescindible no calendario gastronómico e cultural de Galicia, e contribuíndo significativamente ao desenvolvemento e promoción da cidade de Lugo e a súa contorna.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

